SEGUNDO.- Posteriormente a Sra. Virginia Sobrido Silva (DNI 53.481.221-B) e o Sr. Pedro González Martínez (DNI 52.934.242-H), en escrito rexistrado de entrada na data 12 de agosto de 2016, 15 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.393, 19.616), solicita o cambio de titularidade da licenza de obra nº 72/07 concedida pola Xunta de Goberno Local á entidade PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES INMOBILIARIAS SEISEME S.L.U. en sesión celebrada na data 15 de febreiro de 2007, así como licenza de modificación da mencionada licenza, achegando Contrato de compraventa autorizada pola Notario Sra María Covadonga Vázquez López na data 29 de xuño de 2016, Documentación modificada sobre o proxecto autorizado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de setembro de 2016 redactado pola arquitecta Sra. M^a Pilar García Alboreda, así como Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade.

TERCEIRO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe na data 10 de xaneiro 2018 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE E MODIFICACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA AS OBRAS DE CONTINUACIÓN DUNHA VIVENDA (PARCELA B) EN FASE DE CONSTRUCCIÓN, SITA NO LUGAR DA IGREXA (OLVEIRA), E PERTENCENTE A UNHA PROMOCIÓN DE TRES VIVENDAS UNIFAMILIARES, DA QUE RESULTA SER PROMOTORA A ENTIDADE SEISEME, S.L.U.

SOLICITANTE: VIRGINIA SOBRIDO SILVA.
ENTRADA Nº: 13131, 15792 e 19.616
SUP. AMPLIADA: 36,40 M2 (PLANTA SOTO)
ORZAMENTO: 9.000 €

INFORME:



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Vista a solicitude de licenza de obras municipal presentada e o proxecto redactado pola arquitecta Pilar García Alboreda, con visado colexial de data de 29.09.2016, así como a documentación complementaria aportada con data de 15.12.2017, e examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) vixentes, cómpre informar o seguinte:

- 1.- Preténdese continuar coa construción dunha vivenda, á vez que se pretende modificar o proxecto aprobado no seu día e que serviu de base para a concesión de licenza de obras de tres vivendas unifamiliares. A vivenda en cuestión emprázase sobre a **parcela B** do proxecto redactado no seu día pola mesma arquitecta, que asina o presente proxecto modificado. Preténdese modificar a distribución da planta semisoto, e tamén aumentar a mesma en superficie amplía. Tamén se pretende alterar a sección do espazo destinado a salón. Tal e como se indica na memoria do proxecto, as plantas sobre rasante non se alteran as superficies construídas, nin tampouco a distribución existente que figura no proxecto autorizado no seu día.
- 2.- A licenza para a construción da promoción das tres vivendas foi concedida en XGL de data 15.02.2007 (nº expte.: 72/07) e a favor da entidade PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES INMOBILIARIAS SEISEME, S.L.U.
- 3.- A parcela onde se pretenden executalas obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza SNR-B.
- 4.- Apórtase oficio de dirección de obra asumido pola arquitecta autora do proxecto, así como oficio de dirección de execución das obras, asumida pola arquitecta técnica Vanessa Figueiras Ventoso.
- 5.- As modificacións introducidas sobre o proxecto autorizado no seu día consisten, e de acordo coa documentación técnica asinada pola arquitecta e visada con data de 29.09.2016, no seguinte:
 - a.- Planta soto: Ampliación de 36,40 m2, ocupando desta maneira a proxección da planta baixa, porches incluídos. Alterase a distribución, incorporando a maiores dous cuartos de servizo (alamcén e despensa). Tamén se altera a ubicación do portal de entrada. Mantense o parámetro de ocupación da parcela.
 - b.- Planta baixa. Mantense a superficie construída, así como a distribución interior. Tan só se modifica o ancho das portas de paso, quedando en 0,80 metros. Si se altera a cuberta do espazo do salón, pero sen incidir nos parámetros urbanísticos.
 - c.- Planta baixo cuberta. Mantense a superficie construída, así como a distribución interior. Tan só se modifica o ancho das portas de paso, quedando en 0,80 metros.
- 6.- Aos efectos de validar o cambio de titularidade, apórtase copia da escritura de compra/venta, realizada ante o notario Covadonga Vázquez López, co número 527 do seu Protocolo, de data de 29.06.2016.
- 7.- Non se alteran os parámetros urbanísticos da anterior licenza, tan so se produce un incremento de superficie da planta soto, pero non incide na porcentaxe de ocupación previsto con anterioridade, como ben xa se explica no apartado anterior.

2.- OBXECTO DO INFORME:

Emítese o presente informe aos efectos sinalados nos artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

O presente informe ten por obxecto comprobar dende o punto de vista técnico que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo consignado no proxecto básico se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, que o aproveitamento axústase ao suceptíbel de apropiación e que as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles polo ordenamento xurídico vixente; así como a acreditación do contido mínimo documental do proxecto segundo o Anexo I do Código Técnico da Edificación (CTE), examinando aqueles documentos que con carácter obrigatorio teñen que constar no proxecto básico, e a xustificación expresa do proxectista do cumprimento do CTE.

3.- NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE:

-Plan Xeral de Ordenación de Riveira.





-Normas Subsidiarias Provinciais de Planeamento de A Coruña.

-Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

-Decreto 28/1999 polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística.

-Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

4.- OBSERVACIÓNS NORMATIVAS:

.- **Normativa de aplicación:** Plan Xeral de ordenación municipal de Riveira.

.- **Clasificación do solo:** solo urbano consolidado.

b.1.- Ordenanza de aplicación: Ordenanza: SOLO DE NÚCLEO RURAL B. artigo 134 do PXOM.

b.2.- Artigos 23 a 26 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

b.3.- Demais artigos e disposicións de aplicación da lei 2/2016 (Solo de núcleo rural).

5.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES:

1.-A obra deberá axustarse estrictamente á documentación técnica asinada pola arquitecta Pilar Garcia Aboreda.

2.- No presente caso, e aos efectos de adaptarse as condicións ambientais do entorno, a cubrición de fibrocemento deberá de ser de cor bermella ou similar, en consonancia coas cores das cubertas das edificacións do contorno (tella cerámica)

3.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

4.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.-Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.-Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

10.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

6.- CONCLUSIÓN.

Á vista da instancia presentada por DONA VIRGINIA SOBRIDO SILVA solicitando **cambio de titularidade e modificación de licenza municipal** para as obras de continuación dunha vivenda (parcela B) en fase de construción, sita no lugar da Igrexa (Olveira), e pertencente a unha promoción de tres vivendas unifamiliares, da que resulta ser a anterior promotora a entidade Seiseme, s.l.u. Riveira, e a documentación técnica redactada pola **arquitecta Pilar García Alboreda**, e comprobando as condicións fixadas no artigo 142.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira, e o RDUG, **infórmase favorablemente tanto o cambio de titularidade e a favor da solicitante, así como da solicitude de licenza**, sen prexuízo do que decida a Xunta de Goberno Local como órgano competente para o outorgamento de licenzas, podéndose conceder esta sempre e cando se axuste ao sinalado nos apartados de condicións deste informe, procedendo para a súa concesión segundo os artigos 143 e 144 da LOUGA. Segundo o artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a licenza concederase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Riveira, 10 de xaneiro de 2018.

Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)




FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

SEGUNDO.- Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencendo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.





3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se preveña no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

TERCEIRO.- Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.



6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.

7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

CUARTO.- O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

QUINTO.- O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.



e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:

a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

SEXTO.- O artigo 142 da LSG, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Contrato de compraventa autorizada pola Notario Sra María Covadonga Vázquez López na data 29 de xuño de 2016, Documentación moficada sobre o proxecto autorizado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de setembro de 2016 redactado pola Sra. M^a Pilar



García Alboreda, arquitecta así como Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da LSG regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.


NOVENO.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.





DÉCIMO.- O artigo 147 da LSG establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.



6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10 de xaneiro de 2018, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/01/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada (*Contrato de compraventa autorizada pola Notario Sra María Covadonga Vázquez López na data 29 de xuño de 2016*) en relación ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA nº 72/07** en favor da Sra. Virginia Sobrido Silva e o Sr. Pedro González Martínez respecto á vivenda unifamiliar sita na **PARCELA B**.


SEGUNDO.- CONCEDER á Sra. Virginia Sobrido Silva e ao Sr. Pedro González Martínez a **MODIFICACIÓN DA DE OBRA nº 72/07** solicitada nos termos Documentación visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de setembro de 2016 redactado pola arquitecta Sra. M^a Pilar García Alboreda.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se*





fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das



facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE CORRECCIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 12/15 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA NA DATA 5 DE MARZO DE 2015 - JUAN JOSÉ LÓPEZ CHOUZA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de semisoto, planta baixa baixocuberta.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: Resulta da agrupación das parcelas con refª catastral nº 15074A036000940000KL, nº 15074A03600930001LA e nº 15074A036000930001LW.

SITUACIÓN: Lugar de Carballal, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Juan José López Chouza (DNI 52.452.718-E).

AUTOR/A PROXECTO: Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2014 / Planos Modificados A-02, A-03 A-04, A-05, A-06 / Escritura de Propiedade / Escritura de Agrupación de parcelas.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de marzo de 2015 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- CONCEDER a Juan José López Chouza **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** en parcela resultante da agrupación das parcelas con refª catastral nº 15074A036000940000KL, nº 15074A03600930001LA e nº 15074A036000930001LW sita no lugar do Carballal, Palmeira, Riveira a, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2014, Planos Modificados A-02, A-03 A-04, A-05, A-06 redactado por Manuel Peleteiro Bandín:

(...)

“

SEGUNDO.- Posteriormente o Sr. Juan José López Chouza (DNI 52.452.718-E), en escrito rexistrado de entrada na data 19 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 814), solicita a rectificación da **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15)**, e que en lugar de **PLANTA BAIXA**, figure **PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA**.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e atendendo á **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15)** concedida pola Xunta de goberno local na data 5 de marzo de 2015, e visto o escrito presentado polo Sr. Juan José López Chouza, no que solicita a rectificación da anterior, e que en lugar de **PLANTA BAIXA**, figure **PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de



Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/01/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

CORREXIR a LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15) no párrafo ONDE DI:

CONCEDER a Juan José López Chouza **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** en parcela resultante da agrupación das parcelas con refª catastral nº 15074A036000940000KL, nº 15074A03600930001LA e nº 15074A036000930001LW sita no lugar do Carballal, Palmeira, Riveira a, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2014, Planos Modificados A-02, A-03 A-04, A-05, A-06 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

”

RESULTA FINALMENTE o párrafo DA CORRECCIÓN:

”

CONCEDER a Juan José López Chouza **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/15)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** en parcela resultante da agrupación das parcelas con refª catastral nº 15074A036000940000KL, nº 15074A03600930001LA e nº 15074A036000930001LW sita no lugar do Carballal, Palmeira, Riveira a, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2014, Planos Modificados A-02, A-03 A-04, A-05, A-06 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

”

6.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 489/06 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2009 - MINISTERIO DEL INTERIOR.

FINALIDADE DA MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 489/06: Construcción de edificio para Comisaría Local del Cuelpo Nacional de Policía composto de planta soto, planta baixa, planta primeira e planta segunda.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano con aplicación del Plan Parcial, Fontán, S.U.Z- 4.

REFª CATASTRAL: 15074A018001650001LO.

SITUACIÓN: SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), RIVEIRA.

PROMOTOR/A: MINISTERIO DEL INTERIOR.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Alfredo Díaz Grande, (arquitecto col. 808).

PROXECTO: Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo Sr. Alfredo Díaz Grande (arquitecto col. 808), con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 2.493.905,35 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO





PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación Municipal de Riveira en sesión celebrada o 27 de xuño de 2005, acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial que desenvolve o Polígono número 4 do Solo Urbanizable Delimitado (S.U.Z.), denominado "De Fontán", que foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 172, de 7 de setembro de 2005, e o documento que contén a normativa e as ordenanzas, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 188, de 18 de agosto de 2005.

Así mesmo, a aprobación definitiva do citado Plan Parcial foi comunicada á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte mediante oficio de 26 de abril de 2006, con envío de dous exemplares.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de agosto de 2009 acordou por unanimidade en base ao Proxecto Básico de xuño de 2009 redactado polo arquitecto Sr. Daniel Gómez Ayuso:

"
(...)

CONCEDER a LICENZA DE OBRA (Nº 486/09) solicitada pola Dirección General de la Policía y de la Guardia Civil – Ministerio del Interior para a construción dun edificio de nova planta destinado a Comisaría Local do Corpo Nacional de Policía, composta de soto, planta baixa e dúas plantas, sito na estrada de Riveira a Aguiño, dentro do Plan Parcial S.U.Z.-4, Fontán, Parcela de Equipamento (Parcela 6-A), coa seguinte condición especial:

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.

(...)

TERCEIRO.- O Pleno da Corporación Municipal de Riveira en sesión celebrada o 27 de marzo de 2017, acordou aprobar a modificación do uso adscrito a un equipamento definitivamente o Plan Parcial que desenvolve o Polígono número 4 do Solo Urbanizable Delimitado (S.U.Z.), denominado "De Fontán" admitindo expresamente o USO PÚBLICO-ADMINISTRATIVO.

CUARTO.- Posteriormente pola DIRECCIÓN GENERAL DE LA POLICÍA DIVISIÓN ECONÓMICA Y TÉCNICA do MINISTERIO DO INTERIOR en escrito, (rexistrado de saída na data 6 de febreiro de 2017 rex. nº 2.374), rexistrado de entrada no Concello de Riveira na data 15 de febreiro de 2017, (Rexistro de entrada nº 2.443), solicítase que:

"
(...)

El abono de las tasas e impuestos municipales, correspondientes a las licencias inherentes a las obras, se realicen por la empresa adjudicatara, se solicita que el pago de dichas tasas se posponga hasta que se formalice la adjudicación de las obras objeto de la solicitud de licencia.

(...)



QUINTO.- Posteriormente pola SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS Y MEDIOS PARA LA SEGURIDAD en escrito, (rexistrado de saída na data 22 de decembro de 2017 rex. nº 2.497), (rexistrado de entrada no Concello de Riveira na data 3 de xaneiro de 2018, Rexistro de entrada nº 078), solicítase a modificación da licenza de obra nº 489/06, achegando Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo, Sr. Alfredo Díaz Grande (arquitecto col. 808), con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016, para executar a construción de edificio para Comisaría Local del Cuelpo Nacional de Policía composto de planta soto, planta baixa, planta primeira e planta segunda no SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), RIVEIRA en parcela con refª catastral nº 15074A018001650001LO.

SEXTO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 23 de novembro 2018 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: SOLICITUDE DE MODIFICADO DE LICENZA DE OBRAS PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO EDIFICIO PARA A SEDE LOCAL DA POLICÍA NACIONAL A EMPRAZAR DENTRO DO SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), RIVEIRA.

SOLICITANTE: DIRECCIÓN XERAL DA POLICÍA (MINISTERIO DO INTERIOR).

ENTRADA Nº: 00078 (03.01.2018)
ORZAMENTO: 2.493.905,35 €
SUP. CONSTRUIDA: 2.407,43 M2

1.- ANTECEDENTES E ACLARACIÓNS PREVIAS:

1.- Con data de 27 de agosto de 2009 a XGL concedeu licenza de obras (nº 486/09) á Dirección Xeral da Policía para a construción da nova sede local da Policía Nacional e a emprazar na parcela de equipamento (6-A), de 2000,74 m2, integrada no sector de solo urbanizable SU-24- Fontán, en Riveira. A licenza concédese a partires do proxecto básico redactado polo arquitecto Daniel Gómez Ayuso, e baixo os seguintes requisitos:

a.- Non poderán comezarse as obras en tanto non se presente o preceptivo proxecto de execución e oficios de dirección (arquitecto e aparelador), e debidamente dilixenciados.

2.- Con data de 15 de febreiro de 2017 preséntase proxecto de execución redactado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande, que conta coa validación da Oficina de Supervisión de proxectos, adscrita á Subdirección Xeral de Xestión Económica e Patrimonial do Ministerio do Interior, de data de 1 de xuño de 2016.

3.- Non se aportan os oficios correspondentes de dirección da obra, nin de execución da mesma, quedando pendentes pra formalizar o cumprimento dos requisitos da licenza.

4.- Debemos de aclarar que no presente caso, resulta de aplicación o artigo 22 do Plan Parcial que desenvolve o sector urbanizable do SUZ-4, denominado Fontán, e aprobado con data de 27 de xuño de 2005, e non a ordenanza 8.3 do PXOM, como así se manifesta de xeito erróneo nos dous informes anteriores, de data de 9 marzo de 2017 e o de 9 de xaneiro de 2018.

5.- Con data de 9 de marzo de 2017 este técnico emite informe, advertindo que a documentación contida no proxecto de execución non se acomoda ao do proxecto básico e que serviu de base para a concesión de licenza (nº 486/09). Polo que o que procede no presente caso é tramitar unha modificación de licenza





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

6.- Xa con data de 3 de xaneiro de 2018 presentase proxecto de execución modificado, e supervisado pola Oficina de Supervisión de proxectos do Ministerio de Interior (expte.: 4252), sendo o contido desta documentación obxecto do análise e posterior informe técnico, previo á concesión da licenza solicitada.

7.- O edificio componse de un total de 4 plantas, incluída a planta baixo rasante ou planta soto. O cadro resumen de superficies e usos é o seguinte, e de acordo coa memoria do proxecto presentado:

PLANTA	USO	SUP. CONSTRUIDA /m2.
Sótano	Aparcamento, calabozos, vestiarios e galería de tiro.	1.138,63
Baixa	Aparcamento en superficie, accesos e atención ao público.	516,32
Primeira	Xefatura de Comisaría e Secretaría, Brigada Local de Seguridade Cidadán e policía científica.	520,68
Segunda	Instalación e vivenda do xefe de comisaría	231,80
TOTAL DE SUP. CONSTRUIDA:		2.407,43

8.- En canto ao uso urbanístico o Plan parcial establece no seu apartado 4, integrado no artigo 22. "Ordenanza de zonas de equipamento comunitario":

"En el presente caso el Plan Parcial prevé para este equipamiento los siguientes usos:

Docente, asistencial y sanitario.

Se permitirá asimismo cualquier otro uso de equipamiento que implique una actividad de servicio público que el Municipio de Riveira considere adecuado para el área, como cultural, deportivo, etc..."

9.- Aos efectos informativos debemos de sinalar que con data de 27 de marzo de 2017 o Pleno da Corporación Municipal acordou o seguinte:

Punto terceiro. Modificación do uso adscrito a un equipamento público (parcela 6) na ordenación aprobada no Plan Parcial do S.U.Z.4, denominado "Fontán Arousa", e admitindo como uso compatible o uso PÚBLICO-ADMINISTRATIVO.

10.- Este uso ven definido no artigo 44.2 do PXOM do seguinte xeito:

Público-administrativo: Centros o edificios para servizos de la administración pública, seguridade, bomberos, concesionarios de de servizos públicos, cementerios, etc...

Correspóndendose, en consecuencia, co destino do equipamento proxectado.

11.- Xa en relación a xustificación urbanística, debemos de significar que a parcela sobre a que se pretende levantar o presente equipamento está integrada no sector de solo urbanizable Z-4-/Fontán, e denominada como parcela 6-A polo proxecto de compensación aprobado en XGL de data de 10.08.2006. E a ordenanza de aplicación, ven definida no artigo 22 do Plan Parcial.

Os parámetros edificatorios máis significativos son os seguintes:

- a.- Número máximo de alturas: B+ 4P (15,50 metros).
- b.- Non establece ocupación máxima de parcela.
- c.- Edificabilidade máxima: 1 m2/m2.
- d.- Afastamentos mínimos: 3 metros a lindeiros e fronte de parcela (aliñamento)

2.- OBXECTO DO INFORME:

Emítese o presente informe aos efectos sinalados nos artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 354.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.



O presente informe ten por obxecto comprobar dende o punto de vista técnico que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo consignado no proxecto básico se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, que o aproveitamento axústase ao suceptible de apropiación e que as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles polo ordenamento xurídico vixente; así como a acreditación do contido mínimo documental do proxecto segundo o Anexo I do Código Técnico da Edificación (CTE), examinando aqueles documentos que con carácter obrigatorio teñen que constar no proxecto básico, e a xustificación expresa do proxectista do cumprimento do CTE.

3.- NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE E XUSTIFICACIÓN:

-Plan Parcial SUZ-4, Fontán, aprobado con data de 27 de xuño de 2005,

-Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

-Lei 10/2014, de accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

- Normativa de aplicación: Plan Xeral de ordenación municipal de Riveira.

- Clasificación do solo: SOLO URBANO.

b.1.- Ordenanza de aplicación: artículo 22 Plan parcial SUZ-4, Fontán.

b.2.- Artigos 16 a 22 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, así como a Disposición Transitoria Primeira: "Régime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado", da lei 2/2016, no seu apartado a).

b.3- Demais artigos e disposicións de aplicación da lei 2/2016 (Solo Urbano).

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES:

1.-A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, e redactado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande.

2.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

3.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

4.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.-Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.-Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que



se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

5.- CONCLUSIÓN.

Á vista da instancia presentada pola DIRECCIÓN XERAL DA POLICÍA (MINISTERIO DO INTERIOR), solicitando modificado de licenza municipal para obras de CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO PARA A SEDE LOCAL DA POLICÍA NACIONAL A EMPRAZAR DENTRO DO SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), en Riveira, e contidas no proxecto de execución modificado e redactado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande, e comprobando as condicións fixadas no artigo 142.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira, e o Regulamento da Lei 2/2016, infórmase favorablemente o expediente, debendo de imporse os seguintes requisitos:

a.- Antes do inicio das obras deberán de aportarse os oficios de dirección da obra (arquitecto e aparellador), así como o oficio de coordinador en materia de seguridade e saúde.

Riveira, a 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

CUADROS RESUMEN DE NORMATIVA:

		PROXECTO	P. PARCIAL	CUMPLE
Clasificación do solo			Art. 22 P.P. Fontán	
Tipoloxía edificatoria		Edif. illada	Edif. illada	x
Usos		EQUIPAMENTO PÚBLICO - ADMINISTRATIVO	EQUIPAMENTO PÚBLICO - ADMINISTRATIVO	x
Condicións da parcela	Altura máxima	B+ 2P (11,05 metros).	B+ 4P (15,50 metros).	
	Fronte mínima	Non establece		x
Volumetría	Edificabilidade de	0,95 m2/m2. (1.901,91/2.000,74) * A planta soto destinada a garaxe e instalacións non computa edificabilidade	1,00 m2/m2.	x
Posición da edificación	Ocupación máxima	57%	Non establece ocupación máxima.	x
	Recuamento á aliñación	3 metros	3 metros mínimo	x
	Recuamento a lindeiros	Cumple	3,00 metros mínimo.	x
Outras condicións				



	Prazas aparcament o uso público/PXO M.	16 en superficie e uso público.	1 p/100 m2 de uso público (1.243,60 / 100: 13 prazas)	
--	--	---------------------------------	--	--

NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO		
Decreto 29/2010	Normas de Habitabilidade de Galicia	CUMPLE
CTE	Seguridade en caso de incendio	CUMPLE
Lei 8/97 e D. 35/2.000	Accesibilidade e supresión de Barreiras arquitectónicas de Galicia.D. 35/2.000	CUMPLE

Presuposto	2.493.905,35 €
Arquitectas autoras do proxecto	Alfredo Díaz Grande
Arquitectas directoras das obras	Sen designar
Arquitecto técnico director execución das obras	Sen designar
Coordinador de seguridade e saúde	Sen designar

Riveira, a 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)

“


FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO con aplicación o Plan Parcial que desenvolve o Polígono número 4 do Solo Urbanizable Delimitado (S.U.Z.), denominado “De Fontán”** aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal de Riveira en sesión celebrada o 27 de xuño de 2005, publicado no Diario Oficial de Galicia número 172, de 7 de setembro de 2005, e o documento que contén a normativa e as ordenanzas, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 188, de 18 de agosto de 2005.

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización





dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exigencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo arquitecto Sr. Alfredo Díaz Grande, con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016.



Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.


No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:





1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23 de xaneiro de 2018, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/01/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**



PRIMEIRO.- CONCEDER ao MINISTERIO DEL INTERIOR A MODIFICACIÓN DA **LICENZA DE OBRAS (Nº 489/06)** para **CONSTRUCCIÓN DE NOVO EDIFICIO PARA A COMISARÍA LOCAL DEL CUERPO NACIONAL DE POLICÍA**, no SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), **EN RIVEIRA** en parcela con refª catastral nº 15074A018001650001LO, nos termos do Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo, Sr. Alfredo Díaz Grande (arquitecto col. 808), que conta con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** (actualmente en licitación).*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira utilización.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*



- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Inés Vila Castro**, de data 18/01/2018 (Rexistro de entrada nº 728), no que solicita información urbanística de parcela sita en Rúa Alcalde Bermúdez, 26, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 22/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 0515107NH0101N0001LF

CATEGORÍA SOLO:Urbano ordenanza 1

Según la Disposición Transitoria Primera de la Lei 2/2016, do 10 de febrero, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:


a) Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEI 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.

b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar.





integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

REQUISITOS DE LA PARCELA:

Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.
- b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.
- c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.
- d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.
- e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.
- f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán as construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

-La parcela está situada en suelo URBANO Ordenanza 1 según el vigente Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente en acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02, cuyas condiciones se especifican a continuación:

Artículo 150: Ordenanza 1ª.-Residencial intensiva colectiva en manzana.

1. Definición y ámbito.

Comprende esta ordenanza las áreas de suelo con densidad de población alta, destinadas para el uso residencial en su forma de vivienda colectiva con plantas bajas destinadas al uso terciario y sótanos a aparcamiento.



Su diseño se apoya sobre la red viaria existente y la que se ha diseñado o completado mediante el presente planeamiento.

Es una ordenanza que se basa principalmente en una única alineación exterior o de manzana, a la que se le adjudican una o varias alturas máximas de cornisa en atención a la diferencia de cotas del viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico: Vivienda colectiva

Uso admisible: Terciario de Comercio, Oficinas y Hostelería, Industriales en su nivel de talleres que no superen los umbrales de compatibilidad domésticos y Dotaciones de Interés Social, únicamente en plantas baja y primera.

3. Tipología edificatoria

Edificación cerrada entre medianeras que resolverá sus luces a través de las fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros de la edificación

4.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 100 m². Exceptuando las parcelas existentes entre dos ya consolidadas.

Frente mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeras.

4.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en Planta Baja: Fondo máximo: 25 m.

Ocupación en Sótanos: 100% de la parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Alineación: Las definidas en los planos correspondientes, con carácter obligatorio.

4.3. Condiciones de volumen

Número de plantas: Las definidas en los planos de ordenación, con la limitación del ancho de calle según lo establecido en las condiciones generales de edificación, salvo en las calles relacionadas en la siguiente tabla:

Rúa de Galicia: B + E + 2P + Ático

Avda. Do malecón y paseo das carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E + 4P + Ático

C/ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c/ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B + 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P + Ático

C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático

C/ Monumento: B + 3P + Ático

C/ Noro: B + 3P + Ático

C/ Nueve de agosto: B + E + 3P + Ático

C/ Romero Ortiz (desde Malecón hasta Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático

C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático

Praza do Concello: B + E + 4P + Ático





Avda. Ferrol (desde Padín hasta Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E + 2P + Ático

Avda. Pérez Galdós: B + E + 2P + Ático

Prolongación rúa Escorial: B + 4P + Ático

Altura de cornisa: Para determinar la altura máxima, se consideraran 3,50 m. para la planta baja, 3 m. para las plantas altas en caso de uso residencial, que podrá aumentar a 3,20 m. para los usos terciarios y dotacional de equipamientos.

Altura de coronación: La cumbrera se situará en una cota máxima de 4 metros por encima del último forjado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Se autorizan las construcciones de bajo cubierta con un peto en línea de fachada de 1,00 m. de altura máxima.

Se autorizan vuelos según las condiciones generales de edificación, y con una superficie acristalada mínima del 30% y una ocupación máxima del 80% de la superficie de la fachada, excluida la correspondiente a la planta baja.

Vuelos máximos de cornisas y aleros serán 0,4 metros.

Los patios de luces se regirán por la Normativa establecida en el Decreto 311/1992 en función de la altura y uso.

CONDICIONES PARTICULARES

- La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 1. Son aplicables las condiciones establecidas en este informe.

2.- Visto o escrito presentado por **Alexander Sebastián Fernández**, de data 19/01/2018 (Rexistro de entrada nº 826), no que solicita información urbanística de parcela sita en Travesía Delicias, Corrubedo.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 22/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 15074A90201610

CATEGORÍA SOLO: Rústico de protección de espazos naturais-Servidume Costas

Se solicita la clasificación de una parcela situada en Corrubedo de referencia catastral nº 15074 A 90201610, definida en la solicitud de referencia.

CLASIFICACIÓN DE SUELO: La parcela se sitúa en terreno CLASIFICADO en el PXOM como RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURALES

Se encuentra incluido en zona de servidumbre de costas.

Para parcelas clasificadas como rústicas por el PXOM de Riveira, no adaptado a la ley 9/2002 de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, se deberá aplicar el régimen de suelo rústico de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia según la disposición transitoria primera 2.d de dicha Ley.

En relación al contenido de la solicitud se informa que los usos y actividades más asimilables son los previstos en el Art. 35.1.d "Campamentos de turismo e



instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate".

3.- Visto o escrito presentado por **José Antonio García Romero**, de data 19/01/2018 (Rexistro de entrada nº 810), no que solicita información urbanística de parcela 1366, polígono 35.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 22/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 1507403501366 (polígono 35, parcela 1366)

CATEGORÍA SOLO: Rústico de protección de espazos naturais-Servidume Costas

Solicítase informe sobre si as fincas arriba indicadas están incluídas dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico, polo que se pode afirmar que cumpre o citado artigo da lei do Solo de Galicia.

